


Banda deseñada




O pobre tolo. Inacio/ Iván Suárez. Corre o ano 1934, e Castelao é desterrado a Badaxoz por mor da súa actividade política. Nas súas viaxes a Portugal adquire un exemplar da obra *O pobre tolo*, de Teixeira de Pascoaes, que marcará esta etapa da súa vida, previa ao seu exilio após a guerra civil e fundamental para entender moitas das súas ideas.



Titoán. Inacio/ Iván Suárez. En *Titoán* nárrese o paso entre a mocidade e a madurez de Castelao: Finalizados os seus estudos de medicina, xórdelle un inesperado trato cun veciño de Rianxo que se anoxa cando Castelao se inspira nel para facer un cabezudo das festas. Aquel paisano é quen lle dá título a este álbum de BD.



Las aventuras de Spirou y Fantasio. Émile Bravo. 1939. Como pode un adolescente que aguanta as portas dun hotel converterse no mozo aventureiro que coñecemos? Por que escollerá conservar o seu traxe de botóns? Namorouse? Ten conciencia política? De onde procede a súa indefectible amizade con Fantasio? E quen é ese Fantasio?



Grandes soldados. L. Rivelaygue e Olivier Tallec. Irlanda, 1715. Cathal Crann é un pastor de ovellas dun pobo calquera, cunha vida apracible ata que un día aparece na súa casa un enviado do rei Federico I de Prusia. Crann é un xigante, e Federico I dedícase a recrutarlos por toda Europa para que formen parte da súa garda persoal. A pesar das promesas do emisario real, Cathal non está decidido a deixar a súa casa para emprender semellante aventura, pero as cousas non sempre saen como un as planea.



Cartas de inverno. Antonio Seijas. Versión en banda deseñada da novela de A. Fernández Paz. Á volta da súa viaxe, Xabier Louzao atópase coas cartas que o seu amigo Adrián lle escribira durante a súa ausencia. Unhas cartas que, descubren os estraños sucesos que está a vivir Adrián e que levan a Xabier a acudir na súa axuda.



Guía de lecturas Nadal 2012

2012 Centenario do nacemento de
Celso Emilio Ferreiro



"O pracer de ler é dobre cando se vive con outra persoa coa que compartir os libros". Katherine Mansfield (1888-1923) Escritora neozelandesa.



BO NADAL E VENTUROSO ANO NOVO

Non marches de vacacións sen pasar pola Esperela, énchete de agasallos lectores. **Podes levar ata tres documentos.**

www.biblioaesperela.blogspot.com
aesperela@gmail.com

IES O Mosteirón (Sada)



La marca del meridiano. Lorenzo Silva. Nesta ocasión, o protagonista Bevilacqua, fincado en Madrid, investigará un caso en Barcelona (entre as dúas cidades pasa o meridiano), que lle leva a remover o seu pasado e o de xente que "non deberían cruzar determinadas raias nin saltado códigos de honra e por iso deben pagar".



O mundo secreto de Basilius Hoffman. O ladrón de sonos. Fernando Cimadevila e Ivan Valladares. Achégase unha nova Era, as antigas portas fécense definitivamente, os reinos que durante séculos lindaron as fronteiras do noso mundo esvaécense. Durante anos o profesor Hoffman dedicou esforzos a desvelar os seus segredos. Máis só cando o seu sobriño chega para pasar as vacacións de Nadal, o seu destino une as súas vidas dando comezo así á batalla definitiva.




Donde los árboles cantan. Laura Gallego. Viana está prometida ao mozo Robian de Castellar desde que ambos eran nenos. Os dous ámanse e casarán na primavera. Durante os festexos do solsticio de inverno, un arisco montaraz advirte ao rei de Nortia e os seus cabaleiros da ameaza dos bárbaros das estepas... e tanto Robian como o duque vense obrigados a marchar á guerra. En tales circunstancias, unha doncela como Viana non pode facer outra cousa que esperar o seu regreso... e, tal vez, prestar atención ás lendas que se contan sobre o Gran Bosque... o lugar onde as árbores cantan.



O coitelo sutil. A materia escura. Philip Pullman. Estrañas desaparicións. Unha nena moi especial. Un segredo desvelado. Unha arriscada misión de rescate. Marabillosos enxeños. Mundos paralelos. Lyra e Will viaxan de mundo en mundo e descubren un segredo: un obxecto de poder extraordinario e devastador.



Dun tempo e dunha terra. Gonzalo Navaza. Selección dos poemas máis representativos de Celso Emilio Ferreiro neste ano no que se celebra o centenario do seu nacemento.



Reckless, Carne de pedra. Cornelia Funke. Jacob Reckless cometeu un erro: despois de moitos anos de precaución, seu irmán Will cruzou o espello e foi tras el... a un mundo no que os contos máis tenebrosos se volven realidade e no que a maldición dunha fada sementa carne de pedra. Pero cando a pel de Will se transforma en xade, Jacob marcha na procura dunha única cousa: a menciña que salve a seu irmán.




Quantic love. Sonia Fernández-Vidal. A novela que resolve a ecuación do amor. No CERN, o centro de investigación máis avanzado do mundo, entre experimentos de viaxes no tempo e de teletransportación, Laila enfróntase ao maior misterio que existe: como decidir entre dous amores. Por unha banda, Alessio, un atractivo xornalista; e, por outro, Brian, un cerebral científico que oculta un gran segredo.



Noche de viernes. Jordi Sierra i Fabra. Esta noite de venres as drogas, a violencia e a intolerancia das tribos urbanas farán que uns mozos descarguen a súa ira e a súa cegueira contra un mozo marroquí. Nada volverá ser igual.



Mejor Manolo. Elvira Lindo. O soado Manolito Gafotas regresa cun novo episodio. O mundo cambiou nestes dez anos, Manolito medrou. Polas súas páxinas desfilan todos os personaxes que deron cor á colección: a súa nai Cata, o seu pai Manolo, o avó Nicolás, o seu irmán menor, coñecido como «o Imbécil», «a Chirli», a súa Asunción, o Orejones, o chulito Yihad. A mirada de Manolito Gafotas ilumina a realidade (a do mundo mundial) coa agudeza de sempre.



La Pirámide roja. Rick Riordan. Quédannos só unhas horas, así que escoita con atención. Se estás escoitando esta historia, xa corres perigo. A miña irmá Sadie e eu poderíamos ser a túa única esperanza. Non podo dicir nada máis; o resto debes descubri-lo ti.